

## UD 1 – A PSICOLOGÍA UNHA CIENCIA



## 1.- INTRODUCCIÓN

O ser humano (SH) estivo interesado, dende as súas orixes, por dúas cousas fundamentalmente:

- Polo ENTORNO: explicar a natureza, o cosmos, entender aquilo co rodea e do que forma parte. Iso levouno a unha intensa actividade intelectual para acadar un coñecemento cada vez mais preciso e metódico; desenrolou métodos científicos e acadou logros técnicos cos que, en liñas xerais, puido mellorar a súa vida.

- Pero tamén sempre estivo preocupado por SÍ MESMO. Sempre precisou comprenderse. Responder as preguntas eternas::

- Que son?
- De onde veño?
- Que é a morte? Hai algo despois dela?
- De que estou feito?
- Que conexión teño co universo?
- Como debo actuar?
- Quen é o responsable dos meus actos?

O SH é unha especie con AUTOCONCIENCIA (conciencia de nós mesmos) e iso abócanos, inevitable, á continua reflexión sobre nós mesmo. Do intento de responderse esas eternas preguntas nace a investigación sobre a PSIQUE (mente) da que orixinariamente encargouse a filosofía (identificando psique con ALMA) e a partires do s.XIX o fai unha nova disciplina: a psicoloxía (identificando psique con CEREBRO).

A palabra Psique está formada por:

PSIQUE = mente

+

LÓXICA = investigación, estudo

Polo tanto a PSICOLOXÍA defínese como o estudo da mente.

A psicoloxía dende o seu nacemento no século XIX, encargouse de investigar sobre:

- Estrutura anatómica do cerebro (anatomía + fisioloxía)
- Funcionamento do cerebro
- Procesos mentais
- Personalidade
- Aprendizaxe
- Atención, motivación, memoria, intelixencia

- Sensacións e sentimentos
- Patoloxías mentais

## 2.- VINTE SÉCULOS DE EVOLUCIÓN

Como vimos de dicir, antes do s.XIX o estudo da psique formaba parte da reflexión filosófica:

Psique = Alma = principio de vida, alento, espírito; en contraposición á materia.

Dende tempos remotos atopamos no SH unha visión DUALISTA de si mesmo. A isto chamámoslle **DUALISMO ANTROPOLÓXICO**:

- Por un lado está a **MATERIA = CORPO**. Todo o que aparece, o que vemos e tocamos, o que cambia, o que está e despois non está, o que nace e corrómtese. O nacemento e a morte. **A MATERIA/CORPO É ACCIDENTE** (é o que lle pasa á materia, as formas que pode adoptar).

- Por outro lado está o **ESPÍRITU = ALMA**. O que non vemos, aquilo oculto o que hai que descubrir/desvelar, o que permanece, o inmutable non suxeito a cambios, alí onde non hai nin morte nin destrución. O que pervive. **O ESPÍRITU/ALMA É A ESENCIA**.

De onde ven o DUALISMO ANTROPOLÓXICO:

a) **AS RELIXIÓNS ÓRFICAS**: datan dos s. VIII e VII a.e. proveñen de Asia.

- Opóñanse as relixións institucionais demasiado superficiais e moi pouco espirituais
- Crían nunha parte do SH que non era material e quen non morría ao morrer o corpo
- Falaban de METEMPSICOSE (transmigración das almas)

b) **OS PITAGÓRICOS**: secta filosófica-matemática-relixiosa e política que nace en torno á figura do filósofo Pitágoras herdaron estas crenzas:

- Importan o DUALISMO ANTROPOLÓXICO dos órficos a Grecia.
- Falan dunha harmonía perfecta entre esa ALMA e o espírito do universo do que formamos parte.

c) **PLATÓN**: antigo pitagórico, herda o DUALISMO ANTROPOLÓXICO e pensa co SH é:

- **ALMA**: a alma é eterna; viviu dende sempre no mundo das ideas onde podía contemplalas directamente; desa maneira era coñecedora do saber absoluto. Pero a alma cae nun momento dado á terra e queda presa no corpo. Nese momento esquece todo o seu saber. Durante o tempo en que está presa do corpo loita por superar as limitacións deste. Tras a morte de aquel, a alma sobrevive, porque é inmortal, e pasa a outro corpo (transmigración das almas).

- CORPO: é mortal. É o cárcere da alma. É corruptible e mortal.

**d) ARISTÓTELES:** discípulo de PLATÓN durante moito tempo sigue as súas ensinanzas pero finalmente sepárase del. Tamén pensa co SH está composto de corpo/alma pero con notables diferenzas respecto ao mestre.

Primeira e fundamental ARISTÓTELES non cre nas formas puras. Todo no universo componse de materia e forma. Non existe materia sen forma nin forma sen materia. A esta teoría chámase HILEOMORFISMO. O SH como parte do universo tamén está formado por:

-Materia que é o corpo (APARIENCIA ou ACCIDENTE das cousas)

-Forma que é a alma (ESENCIA das cousas)

Pero, como non hai materia sen forma nin forma sen materia, cando o corpo morre tamén morre a súa forma. A ALMA de ARISTÓTELES é mortal.

**e) MUNDO MEDIEVAL:** o DUALISMO continúa. O SH cristián da IM tamén está formado de:

- CORPO: a materia corruptible que significa un lastre para a alma (debido as súas necesidades, as súas paixóns e os sentimentos co dominan). Pero, a diferenza da maioría de pensadores gregos, o corpo no cristianismo recupera certo valor xa que é obra de Deus e Deus fixoo a imaxe e semellanza súa.

- ALMA: é o espírito divino, o sopro de divindade co que Deus insufla a vida no SH. É eterna e individual. Á morte do corpo, se é merecido, a alma resucita e sube aos ceos onde quedará para o resto da eternidade. Se non o merece arderá para sempre no inferno. Pero o cristianismo non tolera a metempsicose; a alma é única e individual; non hai segundas oportunidades.

**f) DESCARTES:** os racionalistas do s XVII falan de SUBSTANCIAS. Descartes fala de dúas substancias no universo:

- RES EXTENSA = materia

- RES COGITANS= espírito

O SH tamén forma parte de este universo e tamén contén os dous tipos de substancias: o corpo e o espírito. Para DESCARTES, que pensa que estas dúas substancias son autónomas unha respecto da outra e cos atributos de cada unha delas son irreconciliables, será moi problemático establecer como se relacionan. Dará unha explicación moi floxa a través da GLANDULA PINEAL.

**g) MARX:** finalmente chegamos ao materialismo dos socialistas do s.XIX que coincide co nacemento da psicoloxía como ciencia. Para os socialistas:

- Todo é materia

- A alma non existe

- As nosas actuacións, sensacións e sentimentos explícanse polo funcionamento do cerebro
- A psique é cerebro. O cerebro é materia
- A relixión é o opio do pobo (confusión entre relixiosidade e espiritualidade).

### **3.- PRINCIPAIS ESCOLAS DE PSICOLOXÍA DOS SÉCULOS XIX E XX**

#### **3.1.- ESTRUTURALISMO**

W.M.WUNDT (fisiólogo alemán 1832-1920)

Fundador da primeira escola científica de psicoloxía. Crea un laboratorio de psicoloxía por primeira vez en 1879 (Leipzig).

O seu empeño é o estudo das sensacións e dos sentimentos e intentar explicalos cientificamente e absolutamente separado de especulacións filosóficas.

- O cerebro é materia
- O seu funcionamento é químico
- O estudo en laboratorio deste funcionamento químico, debe explicar cientificamente porque actúa o SH

CRÍTICAS:

- Non todo pódese explicar a partir da química. Nos sentimentos humanos hai algo mais que particulariza cada individuo
- A sociedade non é un laboratorio pechado de estímulos controlados. Os individuos están sometidos a moitos estímulos que se superpoñen continuamente e co condicionan.

#### **3.2.- CONDUCTIVISMO**

J.B. WATSON (psicólogo e sociólogo de EEUU 1878-1958).

A escola mais importante durante a 1ª metade do s.XX.

Foi parte integrante do sistema educativo durante moito tempo e aínda hoxe segue a xogar un papel fundamental.

O seu obxecto de procura é a CONDUTA OBSERVABLE. O seu obxectivo é:

- 1º Extraer LEIS DE CONDUTA COMÚNS a tódolos individuos. Incluso comúns entre especies.
- 2º Modificar esta conduta. COMO??? A través das chamadas TÉCNICAS DE CONDICIONAMENTO

REFORZO NEGATIVO	REFORZO POSITIVO
Resposta non axeitada	Resposta correcta
Reforzo negativo	Reforzo positivo
Cambio de resposta	Consolidación da resposta

### 3.3.- FUNCIONALISMO

William JAMES (Psicólogo e sociólogo de EEUU 1842-1910).

Rexeita a idea do Estruturalismo de estudar o funcionamento químico da mente para entender a conduta humana porque:

*“Non hai un funcionamento prederterminado; a mente adáptase ás características do entorno segundo as necesidades para solucionar os problemas que lle van xurdindo.”*

Así pois, non se pode estudar a mente de maneira illada/descontextualizada. A mente vaixe conformando en función das situacións vividas, e por tanto, o seu funcionamento é distinto en cada individuo.

A MENTE CREA COMO SE COMPORTA O INDIVIDUO.

A MENTE CREA, PUES, A PERSONALIDADE DO INDIVIDUO.

O COMPORTAMENTO DE CADA INDIVIDUO VEN DETERMINADO POLAS CIRCUNSTANCIAS VIVIDAS. POLO ENTORNO NO QUE VIVIU.

A psicoloxía é mais sociolóxica que biolóxica.

### 3.4.- A PSICOANÁLISE

Sigmund FREUD (psiquiatra austríaco 1856-1939).

A gran contribución de Freud é o descubrimento do SUBCONSCIENTE. Hai algo na mente humana que non coñecemos nin controlamos; non todo na mente humana é consciente; esa parte da mente que non está baixo o noso control condiciónanos e é responsable de boa parte dos nosos actos. Esa parte é o subconsciente.

1ª TÓPICA:

CONSCIENTE: aquilo que controlo na miña mente

SUBCONSCIENTE/INCONSCIENTE: aquilo que non coñezo nin controlo. No subconsciente operan os instintos básicos do SH: EROS (amor/sexo/reprodución) e THANATOS (odio/loita/destrución). Responsables dos actos que non podemos explicar.

PRECONSCIENTE: é unha *cámara de seguridade* que mantén os instintos pechados e non os deixa aflorar. Esta válvula perde efectividade durante o sono e no psicoanálise.

## 2ª TÓPICA:

ISO: é inconsciente e nela habitan os instintos Eros/Thanatos

EGO: son eu. Ten unha parte consciente que eu domino e que me permite ser como desexo; pero tamén ten unha inconsciente da que non son consciente e que non pode controlar.

SUPER EU: son as normas, regras, constricións sociais, familiares, relixiosas, culturais, etc que condicionan a miña maneira de ser. Teñen unha parte consciente das que eu son consciente de respectar pero tamén hai boa parte de inconsciente que están integradas no meu subconsciente das que non son consciente de seguir.

Freud plantexa a PSICOANÁLISE como unha terapia a partir da cal poder acceder ao subconsciente, liberar todas as vivencias patolóxicas e recuperar o equilibrio emocional. A psicoanálise lévase a cambio por dous métodos:

- Imnose
- Asociación libre de conceptos

En 1899, Freud publica: *A interpretación dos sonos* onde conta por primeira vez como actúa ese subconsciente. E chega a tres conclusións revolucionarias:

- Os procesos psíquicos son procesos inconscientes. A nosa actuación está condicionada por eles. A liberdade psíquica non existe.
- Os impulsos sexuais teñen un papel fundamental na conformación do noso carácter e da nosa actuación
- A sexualidade non é cousa da idade adulta senón que está presente en todas as etapas da vida. A superación das etapas afectivo-sexuais garante a estabilidade mental do adulto.

ETAPAS DA EVOLUCIÓN AFECTIVO-SEXUAL			
FASE ORAL	Ata 18 meses	boca	nai
FASE ANAL	De 18 meses a 3 anos	ano	nai
FASE FÁLICA	De 3 a 6 anos	pene	nai
FASE DE LATENCIA	De 6 a 12 anos		
FASE XENITAL	Maiores 12 anos	xenitais	O outro

### 3.5.- TEORÍAS COGNITIVAS

Jean PIAGET (psicólogo e pedagogo suízo 1896-1980).

Entende o proceso de aprendizaxe como unha maduración progresiva da mente. Polo tanto o seu traballo vaise desenrolar en dous ámbitos:

- Desenvolvemento da intelixencia na infancia
- Estudo dos mecanismos de aprendizaxe

ESTADIOS DE DESENVOLVIMENTO DA MENTE		
ETAPA SENSOMOTRIZ	de 0 a 2 anos	Desenrolo de actividades motoras básicas
		Coordinación vista/man
		Comprensión rudimentaria do Espazo/Tempo
		Exploración do entorno: distinción entre ELES e o RESTO
		Comprensión da permanencia dos obxectos cando desaparecen da súa vista
ETAPA PREOPERACIONAL	De 2 a 7 anos	Egocentrismo
		Falta de perspectivismo: entende que hai OUTROS pero non é capaz de poñerse no seu lugar
		Dificultade ca permanencia de obxectos cando cambian de aspecto
		Pensamento simbólico moi básico
ETAPA DE OPERACIÓNS CONCRETAS	De 7 a 12 anos	Evolución da relación causa-efecto
		Perspectivismo
		Maduración do pensamento simbólico
		Sistematización da información: seriación, clasificación, conservación
ETAPA DE OPERACIÓNS FORMAIS E ABSTRACTAS	Maiores de 12 anos	Pensamento abstracto maduro
		Razoamento hipotético
		Capacidade de planificar, resolver e avaliar problemas e situacións

A mente madura funciona como un ESQUEMA que permite XENERALIZAR accións: pasamos do CONCRETO ao UNIVERSAL imprescindible para xerar coñecemento.

As teorías cognitivas teñen sido unha ferramenta imprescindible durante anos para pedagogos, psicólogos e docentes.



## CRÍTICAS:

O filósofo ruso VYGOTSKY (1896-1934) acusa a Piaget de:

- Estudiar a mente dende unha perspectiva excesivamente biolóxica
- Esquecer o poder do ESTÍMULO (social e cultural) que son determinantes na maduración da mente.

## 3.6.- TEORÍA DA GESTALT

Escola alemana da 2ª metade do século XX, formada entre outros por:

- Max Wertheimer
- Wolfgang Köhler
- Kurt Koffa
- Kurt Lewin

Presentan unha teoría revolucionaria segundo a cal:

A NOSA MENTE DESEMPEÑA UN PAPEL ACTIVO NA CONSTRUCCIÓN DA  
EXPERIENCIA

Podemos dicir que:

A NOSA MENTE CONSTRÚE A NOSA REALIDADE

COMO?

- Organiza a realidade en torno a un elemento concreto que nós eliximos. A ese obxecto dámoslle toda a relevancia
- O resto de elementos pasan a ser o ESCENARIO no que se move o elemento elixido
- Todas esas outras FIGURAS relaciónanse co elemento elixido e as coñecemos e entendemos en función da relación que manteñen con aquel.

POLO TANTO:


- A mente non é un mecanismo de execución de respostas
- A mente é un ORGANIZADOR dos estímulos recibidos aos que dáselle sentido.

Os estudos da Gestalt centráronse sobre todo nos estímulos visuais: construción da realidade en imaxes.

Nesta construción operan 7 leis:

- Principio de proximidade:

LEY DE PROXIMIDAD DE LA GESTALT



- Principio de semellanza:


LEY DE SEMEJANZA DE LA GESTALT



- Principio de continuidade:



- Principio de dirección única:



- Principio de relación figura/fondo:



- Principio de igualdade ou equivalencia:



- Principio do cierre:



## 4.- METODOLOXÍA

### 4.1.- MÉTODOS FILOSÓFICOS:

- INTROSPECCIÓN: descrición por parte do cliente/paciente, das súas experiencias e sensacións. Supónselle capacidade reflexiva
- FENOMENOLOXÍA: análise cualitativa e cuantitativa das experiencias relatadas polo paciente/cliente.

### 4.2.- MÉTODOS CLÍNICOS:

- MÉTODOS HISTÓRICOS: recollida de datos e realización da HC (historia clínica) do paciente. Inclúe todos aqueles obxectos, cartas, debuxos, informes, etc que se poda aportar.
- OBSERVACIÓN PLANIFICADA: o paciente queda ingresado durante un tempo X nun centro hospitalario co fin de realizar un exame exhaustivo do seu comportamento en todos os momentos do día.
- PSICOANÁLISE: usan a hipnose e a asociación libre de pensamentos.

**4.3.- MÉTODOS EXPERIMENTAIS:** analizan o comportamento do paciente nunha situación xerada artificialmente na que se introducen as variables que se desexen. Son os EXPERIMENTOS. Son moi perigosos polas consecuencias inesperadas que poden conlevar. Realízanse en contadas circunstancias.